

A VIAXE DO SEMESCOM POR ITALIA

Os mellores versos para evitar o abandono do rural

Polo Golfo dos Poetas tamén pasaran Shelley ou Byron. Hoxe, os visitantes son incesantes

A. LAVANDEIRA
PORTOVENERE / LA VOZ

Unha viaxe é unha oportunidade de mergullarse nun mar de coñecementos. Así é a aula móbil do Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte (Semescóm) que viaxa a bordo dun autobús da empresa Lázara de Santiago polo norte de Italia. Historia, xeografía, economía, literatura... E a Costa da Morte, permanentemente presente. Nin un fenómeno tan actual como o abandono do rural e o despoboamento desta bisbarra, a razón duns mil habitantes cada ano, é un fenómeno exclusivo do noso tempo. Na viaxe do Semescóm púxose de manifesto.

Pepe Carballude, membro da expedición e exprofesor do instituto Alfredo Brañas, contou no camiño de Mantua como o emperador César Augusto lle encargou ao poeta Virxilio unha obra que contribuíse a evitar o abandono dos pobos e poñerlle freo a que toda a xente fuxise para as urbes. O resultado foron *As Xeóxicas*, nas que o gran literato mantúa cantou ás faenas agrícolas, ós prognósticos do ceo, ao cultivo das árbores froiteiras, á cría de gando, ás pestes dos animais e ao mundo das avellas que, se-

gundo o autor, ben poderían servir de modelo para os seres humanos. Os versos de Virxilio non evitaron o éxodo do campo cara as cidades romanas, pero si deixou para humanidade unha gran obra literaria. En Mantua, lugar de nacemento de Virxilio e escenario do *Rigoletto*, de Verdi, os viaxeiros do Semescóm gozaron das visitas ao Pazo Ducal e outras xoias da arquitectura, sobre todo da románica, coa igrexa circular de San Lourenzo.

Neste percorrido hai moi poucas oportunidades para o descanso. A aula rodante non cesa. En Módena, na rexión Emilia-Romagna, admiraron unha das principais obras do románico do Val do Po, a catedral, cos seus capiteis e relevos únicos, e houbo quen subiu á súa torre inclinada. Aquí, na patria de Pavarotti, ocorre coma noutras cidades visitadas. Cada unha amosa un universo monumental tan rico que ben podería xerar unha sobredose de arte.

Datos históricos e culturais

O presidente do Semescóm, Xosé María Lema, vai introducindo cada parada con datos históricos e de interese cultural, pero tamén hai outros aspectos. En Parma destácanse os sistemas de produción agraria. Neste territorio, escenario da película *Novocento*, ao contrario que na Costa da Morte, o millo xa está seco, listo para segar. En Bergantiños e Soneira está en pleno proceso de crecemento. As chuvias dos meses pasados danlle altura ás plantas, que xa case están chegando



Os integrantes da viaxe organizada polos Semescóm, en Ponte Venere. A. LAVANDEIRA

aos catro metros nalgunhas leiras. O parmesano non alcanzou tamañas alturas.

O mércores tocou mergullarse nun dos máis grandes fenómenos turísticos mundiais: a visita ao Golfo dos Poetas, lugares frecuentados por creadores ingleses como Shelley e Lord Byron, con percorrido por varios pobos que forman parte das Cinco Terras, un espazo integrado por Riomaggiore, Manarola, Corniglia, Vernazza e Monterosso. Constitúen un parque nacional declarado Patrimonio da Humanidade que, segundo foi explicando a profesora arousana, Xela Cid, sofre tal invasión constante de viaxeiros que se están perdendo totalmente as estruturas sociais e económicas de toda a vida, ao tempo que está producindo unha redución alarmante dos habitantes autóctonos e perda de actividades tradicionais como a produción de viño, a pesca e outros aspectos. Ata o punto de que os locais esixiron reducir o número de excursionistas, sen conseguilo.

Estes pobos, que forman parte do escenario alpino, están colgados dos montañas cara o mar,

con casas erguidas sobre as rochas como piñas de percebes, viviron á heroica durante a historia, ata que a chegada do tren e das vías rodadas abriulle a vida a unha avalancha turística, que, segundo unha expresión local, «morde e fuxe». Na viaxe en tren a estas vilas déronse momentos de gran comicidade entre a comitiva, que o poeta e profesor Miro Villar, chegou a valorar como unha gran mostra do carácter galego, de non saber se sobre ou se baixa, neste caso, dos vagóns. Houbo unha viaxe en barco dende Montorosso ata Portovenere, un lugar que ben vale o que contan del os versos de Lord Byron, cunha igrexa románica, un pórtico do mesmo estilo que dá ao Mediterráneo, un castelo e unha furna dedicada ao poeta inglés que ben poderían formar un dos conxuntos máis fermosos de todos os visitados.

A Fisterra nos poetas italianos

O poeta e profesor ceense Miro Villar, que tamén forma parte da expedición, aportou á aula móbil do Semescóm a conexión da Costa da Morte cos poetas italianos.

Como sucede co Fisterra atlántico, as Cinco Terras é un territorio poetizado. Como sucede no caso de Manuel Antonio, o Batallón Literario da Costa da Morte, Eugenio Montale, premio Nobel de 1975, dedicouse á «oscultación do espazo marítimo», dun lugar escabroso, difícil, illado e perigoso como os acantilados do territorio nerio. Rematou recitando poemas como *Cara a Finistère e Portovenere*.

Poesía moi presente

A poesía está moi presente na viaxe. De feito, Carballude recitou poemas da *Eneida* de Virxilio, mentres que Rosa García Vilaríño, que tamén foi profesora do instituto Alfredo Brañas de Carballo, deu cadra do intercambio da pegada dos creadores italianos nos literatos galegos, e viceversa. Así, contou que *O divino saine* de Curros Enríquez ten similitudes con *A divina comedia*, de Dante. Ou como Guido Batteli traduce ao italiano obras de Noriega Varela, Lamas de Carvajal e, incluso, o poema *Unha noite na eira do trigo*, de Curros Enríquez.

Una nadadora carballeira de 12 años destacó en los campeonatos de Japón

CARBALLO / LA VOZ

La nadadora Nana Suárez Kitahori, de 12 años, afincada en Carballo, de padre de A Mata (Cabana) y madre japonesa, ha quedado, junto a sus tres compañeras del equipo Konami Sports, entre los 20 mejores de Japón en la prue-

ba de relevos de 4x50 libres, en la Junior Olympic Cup, disputada estos días en Tokio. Fue ya en las series finales, tras una «dura fase de clasificación», explica su padre, en la que compitieron con más de 200 clubs.

Emplearon un tiempo de

1.56.77 en la piscina larga, gran resultado para un año de entrenamiento (la familia ya regresa a España desde Yokohama) con un sistema de entrenamiento muy diferente al español. El año pasado ya logró medallas con el Fogar en los campeonatos gallegos.



Nana, segunda por la izquierda, con sus compañeras de equipo.



ANUNCIO
Esta alcaldía, por resolución 2050 de 17/08/2018 aprobou as bases para a contratación laboral temporal dun profesor/a (especialidade trompa) para o Conservatorio de Música do Concello de Carballo. A convocatoria publicouse no BOP da Coruña do 24/08/2018. O prazo de presentación de instancia vai desde o 25/08/2018 ao 03/09/2018 ambos incluídos.

Carballo, a 24 de agosto de 2018

A Tenente de Alcalde. María Belén Lendoiro Esmoris. PD Decreto 1809/2018 do 16 de xullo

ANIMA TIENE 11 AÑOS Y QUIERE SER MAESTRA

APADRINA AHORA

www.educo.org
902 19 19 19

educo

